

Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no Ateneo de Madrid

20-9-1988

(Palabras ditas antes do recital)

É de todos sabido que todo home falecido, desaparecido, está indefenso ante a manipulación política da súa memoria. E, sobre todo, si esta manipulación a fixera o poder, con ise descaro-de-forza que cáseque sempre o poder ten.

Por eso nós, eu, declaro que veño hoxe eiquí rendir homenaxe á memoria dun nacionalista galego, que como tal se manifesta na súa obra máis xenuína. Cando o tempo pasa sobre a nosa palabra, un xa sólo dixo aquilo que dixo con máis forza. Trátase no caso de Celso Emilio, como en cáseque todos os poetas ou escritores galegos nacionalistas, dun **nacionalismo defensivo**, que defende a súa lingua e cultura, i o dereito á autodeterminación do seu e de tódolos pobo fronte ó nacionalismo depredador dos gobernos estatais, que se apropiaron e sosteñen unha situación inxusta, traguida de séculos.

Nós sólo defendemos e pedimos: o noso espacio lingüístico e cultural i o noso dereito á autodeterminación. É a presión do goberno do estado a que nos fai nacionalistas galegos, senón seríamos simplemente galegos.

A nosa memoria profunda, xa pautada na lingua, como a calquer pobo, énos sagrada. E sólo pedimos respecto a un dos dereitos humanos fundamentais, suscritos.

A lingua propia de Galicia é o galego, inclusive a dos galegos que non a falan.

Isto vimos a decir i a repetir como Celso, poeta de Galicia, amigo da xente e do común, decía e repetía.

Os estados deben respetar os espacios propios das linguas e dos pobos. O que non seña eso, é ir contra a paz descaradamente, como ben sabemos todos.

Repito estas cousas tan evidentes e sabidas, porque eran principios básicos pró eiquí homenaxeado.

E rendir un homenaxe non ten sentido si eso non supón unha reactualización da palabra, e do sentido, dunha obra. E, ó menos, unha reflexión somera sobre ela, ou un xeito dela.

Pasarei logo a decir unhos breves poemas de Celso, anque sólo seña pra Moraima, e logo, algún poema propio.

[Poemas ditos:

De Celso Emilio:

1. Longa noite de pedra...
2. Empúxanme as raigames...
3. A pedra: “Pídeme fillos, loba...”

Poemas propios:

1. Pranto polo Ché
2. Galicia teima vida]